



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Información pública. Dedicacións exclusivas

Expediente. 2023/E005/000001

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

«**Primeiro.** Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva dos cargos de: Alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo; concelleiro/a delegado/a da área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior; e concelleiro/a delegado/a da área de Medio Ambiente, Equipamentos Públicos e Seguridade.

Segundo. Fixar como retribución bruta anual para o cargo de Alcaldesa-Presidenta, a cantidade de corenta e cinco mil euros – 45.000,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos do 1 de xullo de 2023.

Terceiro. Fixar como retribución bruta anual para os cargos de: concelleiro/a delegado/a da área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior e concelleiro/a delegado/a da área de Medio Ambiente, Equipamentos Públicos e Seguridade, a cantidade de trinta e sete mil euros -37.000,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xullo de 2023.

Cuarto. Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta da sra. Alcaldesa- Presidenta, e dos concelleiros delegados con efectos do 1 de xullo de 2023, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

Quinto. Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes, ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos segundo a cuarto do presente acordo; e de se-lo caso realizar as correspondentes modificacións orzamentarias.

Sexto. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro electrónico de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.»

Bergondo, 28 de xuño de 2023

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2023/5243